

O BELEN DE BEGONTE

Ata hoxe nunca souben por que o meu avó se emocionara tanto aquela tarde neboenta dun domingo de Nadal, cando xuntos visitamos o belén electrónico de Begonte.

Nada máis remata-la demostración do movemento das figuriñas todos nos diriximos á saída, agás el. Decateime da súa ausencia cando cheguei a fóra pois precisaba do seu paraugas. Din a volta e atopeíño inmóbil, cos ollos cravados no Belén, sorrindo ó tempo que limpaba unhas bágoras.

-Que pasou, avó? Estás ben?

-E non vou a estar! Como non me falaches antes da existencia deste máxico lugar?

Colleume a pregunta tan de sorpresa que tiñen que facer malabares para enfiarla resposta cos valores que o meu cerebro manexaba de cotío.

-Pois... eu pensei que isto, para un home da túa idade serían argalladas, bonecos de xoguete para cativos –contestei.

-As almas dos homes e mulleres da nosa terra nunca foron un xoguete! –espetaoume tan seriamente que quedei avergoñado ollando ó meu arredor ata decatarme de que ninguén me ollaba.

-Agora xa non conservades nin a lareira –proseguíu– onde se viñan quentar; agora varrede-la cociña pola Noita Boa e botádelas fóra á xeada, sen compaixón; nin siguera as convidades a doces, nin compango! Ti non coñeciches ó meu pai, o teu visavó, non é?

-Non, pero lévasme falado del.

-Coma se non che falara. Para o caso que nos facedes ós vellos! Pois aproveita a ocasión. Alí tes ó teu bisavó, aquel que esfolla no millo, sentado no tallo de tres pés. Non dirás que non te semeillas a el? Sodes cuspidiños!

-Ata alí, e máis para aló, ata Donalbai, temos ido os rapaces da Aldea a pidi-lo aguinaldo. Ai, canta vida garda este Belén! Fíxate, nese tren marchei de mozo para a guerra. Maldita moeda de chumbo fundida! Oxalá se quede para sempre durmida! Tanto sufrir nesta vida para agora rematar cerrado nun asilo.

-Avó, alí estás ben. Non che falta de nada.

-Estarei. Fáltame a calor dos meus. Onde estou ben é aquí, axudando nas esfolladas, asando unhas castañas ou botándolle auga ós prados que ainda o podo facer. Quero que me prometas que cando eu morra me traerás para aquí.

-Si, avó, si -asentín convencido de que aquilo era un desvarío máis da súa avanzada idade.

Teño que recoñecer que ata hoxe non me acordara máis daquela conversa nin o día do seu enterro. Fun á presa e marchei de viaxe nada máis remata-la ceremonia da igrexa. Xa se sabe, a nosa vida estresada na que xa temos dabondo belén. Onte tiven unha cita notarial urxente. Nada máis entrar no despacho da señora notaria xa me largou:

-Teño un recado do seu avó. Segundo deixou disposto neste testamento, vostede prometeu levalo ó Belén electrónico de Begonte cando el morrera.

-Eu? Ah! Si. Pero... bueno, aquilo, foi un decir.

-A derradeira vontade dun home nunca é un decir senón un fondo sentimento que se debe cumplir. Tome, lea vostede o que el mesmo escribiu:

-El Belén de Begonte representa el respeto por nuestra cultura y nuestras creencias para todos los que amamos a nuestra tierra y deseamos que perduren en ella modelos solidarios de convivencia...

-Manda mecha -exclamei. Nunca pensei que un home poidera escribir así sen a penas ir á escola.

-Os sentimientos non precisan estudos -rematou a notaria mentres me entregaba unha caixinha. -Tome! Pode abrila.

-Mamaíña do ceo!

Non o podía crer. Alí estaba o meu abó. Unha figuriña idéntica a el, agarrado á aixada. Collino nas mans e mireíno de cerca. Afogouseme o peito e con bágoas de home anagueille as zocas.

-Quero que saiba -interrumpiu a notaria- que seu avó deixou feito o molde e pagou a un artesán para que despois do seu pasamento, e na miña presenza, se lle dera forma a esta figura coas súas propias cinsas. Así se fixo. Agora tócalle a vostede cumpri-lo prometido.

E aquí estou en Begonte, ollando como meu avó cava na roza. De cando en vez ceiba un aturuxo, orgulloso de min e dos seus devanceiros e da fe que fai que un pobo endexamais esmoreza por moito que varran a cociña na Noite Boa.